



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tif. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 1ºESO

MATERIA: FRANCÉS

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1: Comprensión de textos orais	
<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>SLEB 1.1. Comprende a maioría das preguntas básicas sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende a maioría das frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a maior parte da información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa.</p>
Bloque 2: Producción de textos orais.	
<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental,</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas a maior parte do repertorio de preguntas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre traballadas na clase, aínda que cometa algún erro.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender na maioría das situacións traballadas na clase relacionadas con necesidades inmediatas nas que se pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns.</p> <p>SLEB2.4. Participa eficazmente, aínda que cometa erros, en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece</p>

<p>intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos e fai invitacións elementais e ofrecementos.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos e fai invitacións elementais e ofrecementos.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase eficazmente e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. A maior parte do que di é intelixible, aínda que cometa algún erro que poida dificultar a comprensión total.</p>
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos.</p>	
<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>SLEB3.1. Comprende a maioría da información de textos adaptados relativos a temas traballados na clase.</p> <p>SLEB3.2. Comprende as ideas principais de avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende a maior parte da información de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas traballados na clase.</p> <p>SLEB3.4. Comprende a maioría da información esencial e localiza moita información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>
<p>Bloque 4: Producción de textos escritos.</p>	
<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ós seus datos persoais e intereses ou afeccións .</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora eficazmente, aínda que cometa erros, textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa correctamente a maior parte dun cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ós seus datos persoais e intereses ou afeccións</p> <p>SLEB4.3. Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha</p>

funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.

SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cons elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.1. Produce oralmente con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas traballadas na clase e esfórzase por utilizar correctamente patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de palabras e frases moi básicos.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira traballadas na clase no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.).

SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar os puntos principais do proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula utilizando adecuadamente a maior parte das estruturas sintáctico-discursivas e do léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente na clase.

SLEB5.5. Participa activa e eficazmente en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

2. Criterios de cualificación.

a) Cualificacións parciais

En cada un dos tres trimestres os alumnos serán cualificados do seguinte modo:

Comprensión escrita	Comprensión oral	Expresión escrita	Expresión oral	Gramática e Vocabulario	Traballo (caderno, deberes, etc.)
15 %	15%	15%	15%	20%	20%

Para que se faga a media os alumnos deberán acadar polo menos un 2 sobre 10 en cada unha das competencias comunicativas.

b) Cualificación final

Dada a natureza da materia, que segue unha avaliación continua, os contidos vistos en cada unidade reaparecen e vanse acumulando en cada avaliación, de xeito que ao final do curso é necesario empregar elementos estudados durante todo o ano. Se o alumno aproba a terceira avaliación superará polo tanto o curso.

O alumnado da ESO que teña a materia superada, realizará durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a final, actividades de ampliación ou de repaso que lles poderán permitir subir a nota.

c) Cualificación negativa

Segundo os principios da avaliación continua, non haberá exames de recuperación específicos. Os alumnos recuperarán as avaliacións negativas aprobando as posteriores, xa que estas inclúen os contidos das avaliacións anteriores.

A primeira avaliación recuperarase se o alumno supera a segunda, e a segunda, se supera a terceira. Os exames da 2ª e da 3ª avaliación poderán incluír preguntas sobre os contidos da/das avaliación(s) anterior(es).

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Ademais o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Neste sentido, o alumnado que teña a materia sen superar realizará unha proba escrita de recuperación antes da avaliación final para poder acadar un aprobado na materia. Esta proba estará baseada nos contidos e nos estándares mínimos recollidos nesta programación, proba que poderá constar de exercicios de comprensión escrita e de expresión escrita, exercicios de gramática e vocabulario. O profesor resérvase a posibilidade

de levar a cabo unha proba de expresión e comprensión oral. A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final de curso.

Notas importantes:

Aqueles alumnos que sexan descubertos copiando durante a realización dunha proba terán un 0 en dita proba e non poderán repetir a proba.

O **aprobado** fíxase no 5 sobre 10. En canto aos redondeos, redondearase cara a puntuación superior cando a media sexa igual ou superior a 7 decimais, o redondeo realizarase cara a puntuación inferior cando sexa menor. Por exemplo, un alumno cun 7,7 poñerase como nota final un 8 e un alumno cun 7,6 poñerase como nota final un 7.

Terase en conta a nota da primeira e da segunda avaliación para sumar como máximo 6 decimais á terceira avaliación. Se un alumno saca un 5 gardaráselle 0,1 para sumar á terceira avaliación; se un alumno saca un 6 ou un 7 gardaráselle 0,2 para sumar á terceira avaliación; e se un alumno saca un 8, 9 ou 10 gardaráselle 0,3 para sumar á terceira avaliación. Por exemplo, se un alumno saca un 7 na primeira avaliación, gardaráselle 0,2 e se saca un 8 na segunda avaliación, gardaráselle 0,3. En total, tería 0,5 para sumar á terceira avaliación.

3. Adaptacións derivadas da situación sanitaria.

Debido á situación sanitaria ocasionada pola Covid19, podemos ter diferentes escenarios de ensinanza: o escenario presencial, semipresencial ou a distancia. Neste apartado explícase as medidas que se levaran a cabo nos distintos escenarios.

3.1 Ensinanza nun escenario presencial

Para aqueles alumnos que teñan que estar confinados e non poidan realizar os exames de forma presencial, todo o traballo realizado na aula virtual ou entregado por correo electrónico así como probas realizadas por videoconferencias (sempre que non acontecese enfermidade que impidise o traballo) teranse en conta para avalialos.

3.2 Ensinanza nun escenario semipresencial

No suposto dun ensino semipresencial, a programación non variaría pero traballaríase menos o bloque 1 que é a comprensión de textos orais e o bloque 2 que é a produción de textos orais polo que o nivel de esixencia será inferior á ensinanza presencial.

Neste suposto escenario semipresencial, combinarase o ensino presencial no instituto co ensino telemático empregando a aula virtual Moodle.

En canto á **atención á diversidade**, segundo os casos, poderanse ampliar o prazo de entrega das tarefas, enviar exercicios máis curtos e máis sinxelos adaptando os contidos e imprimir as tarefas para aqueles alumnos que teñan problemas de conectividade.

3.3 Ensinanza nun escenario a distancia

No suposto de suspensión das clases presenciais e dun ensino a distancia, o profesorado empregará exclusivamente recursos dixitais salvo no caso dos alumnos que non poidan dispoñer destes. Usarase a aula virtual Moodle. No caso de que non se poidan celebrar probas presenciais cualificaranse os traballos, tarefas e actividades propostas polo profesor e enviadas polo alumno, valorando que as actividades estean completas, correctamente feitas, entregadas en prazo e expostas con claridade e orde. O profesorado deberá levar un rexistro da entrega en prazo das tarefas e da súa cualificación. Poderanse facer probas telemáticas. Así mesmo, será obrigatoria a PRESENCIALIDADE nas posibles sesións telemáticas da materia salvo casos debidamente xustificadas.

En relación ás actividades orais poderase requirir diferentes gravacións de vídeo nas que se traballen os contidos propios do nivel para así acadar as aprendizaxes imprescindibles nos diferentes niveis.

Dependendo de cando sexa a ensinanza nun escenario a distancia e canto pode durar, é moi complicado establecer uns criterios de avaliación e cualificación. O valor do traballo realizado virtualmente dependerá da duración desa ensinanza a distancia.

Traballarase sobre todo os contidos do bloque 3, do bloque 4 e do bloque 5 e en menor medida os do bloque 1 e os do bloque 2 polo que as porcentaxes de cualificación poderían cambiar respecto á PD do ensino presencial e semipresencial.

En canto á **atención á diversidade**, segundo os casos, poderanse ampliar o prazo de entrega das tarefas, enviar exercicios máis curtos e máis sinxelos adaptando os contidos e imprimir as tarefas para aqueles alumnos que teñan problemas de conectividade.